

Normas Xerais



- Ao ingreso entregaráselle á familia todos os efectos persoais do paciente. Solicitaráselle que asine un xustificante de entrega.
- Identificación do **coidador principal**, ou interlocutor principal, cuxo nome e datos de contacto (teléfono...) quedarán por escrito na historia do paciente. Proporcionellos ao enfermeiro. Rogámoslles que manteñan ese teléfono cargado e co son activado para facilitar a comunicación.
- Rógase aos acompañantes que permanezan na zona de estar de familiares, evitando especialmente os corredores e zonas de traballo do persoal.
- No caso de precisar algún xustificante, ou outros temas administrativos, póñase en contacto coa nosa **secretaría**. Zona despachos do Servizo. **Luns a venres de 8:30 a 13:00**. Teléfono: **986 82 55 44**.

Información Médica



- A información respecto ao estado e evolución do paciente é confidencial. Proporcionaráselle ao propio paciente e/ou á/s persoa/s designada por el. Se isto non é posible, informarase aos familiares / achegados máis próximos.
- Rogamos que se estableza un **interlocutor por cada paciente** (encargado de recibir e transmitir información ao resto de familiares).
- Horario: **todos os días de 13:00 – 13:30**. Pode sufrir retraso ou anularse en situación de atención de urxencias. Nese caso rogamos paciencia; intentaremos informalos canto antes.
- Localizáremos na sala de estar de familiares (num de box no monitor ou chamada persoal) ou no box do paciente.
- Habitualmente non se proporciona información telefónica. Excepcionalmente, se lle resulta imposible acercarse ao hospital á hora habitual, póñase en contacto coa nosa secretaría ou persoal médico e intentaremos chamar ao interlocutor/coidador rexistrado na historia clínica.

Horario de visitas

(*Suxeito ás necesidades do Servizo*)

Mañás: 13.00 a 14:00

Tardes: 19.00 a 20:00



Información Médica:

13:00 a 13:30

A continuación
seguirá coa visita



Hospital Álvaro Cunqueiro
Servizo de Medicina Intensiva
Tlf. 986 82 55 44



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



SERVIZO GALEGO de SAÚDE
Xerencia de Xestión Integrada de Vigo

SERVIZO DE
MEDICINA INTENSIVA

INFORMACIÓN
PARA AS FAMILIAS



Presentación

O ingreso no Servizo de Medicina Intensiva é un momento difícil porque á alteración grave do estado de saúde da persoa úneselle a separación da súa familia e a súa contorna habitual. Esta situación pode xerar puntualmente frustración, angustia ou medo a ambas as dúas partes.

Este folleto ten como obxecto confirmarlle que ofreceremos ao seu familiar a mellor atención e coidados ao noso alcance, tanto en medios humanos, como materiais e técnicos. Por outra parte pretende orientarlo nalgúns aspectos organizativos do Servizo de Medicina Intensiva.

Dado o tamaño do Servizo e o número de pacientes ingresados, para o bo funcionamento do noso servizo resulta imprescindible a súa colaboración no respecto e seguimento das normas que aquí expoñemos. A continuación convidámolo a que as coñeza e difunda entre os demais familiares.



Acceso

O Complexo Hospitalario Universitario de Vigo conta cun Servizo de Medicina Intensiva, distribuído en dúas Unidades de Coidados Intensivos: **UCI 1** e **UCI 2**.

Ambas as dúas UCIs atópanse no Hospital Álvaro Cunqueiro, no Bloque Técnico da **Planta 4ª**, fronte á **Vela A**.

O acceso, desde a porta principal do hospital ou desde o parking, realízase a través dos **ascensores do bloque A**.

Fronte á porta de entrada común para ambas as dúas UCIs (entre ascensores do bloque A e do bloque B) atópase a **zona de estar de familiares**.

Visitas ao Paciente



- O horario normal de visitas é de **13:00 – 14:00** e de **19:00 – 20:00 todos os días** da semana.
- Estas dúas visitas non supoñen unha obriga. Propóñense dous horarios para facilitar a conciliación coa vida habitual.
- Recoméndase restrinxir as visitas ao **círculo máis íntimo** de familiares / achegados para respectar a intimidade do paciente.
- Ao entrar e saír do box do paciente debe fregar as mans con **solución hidroalcohólica** (dispensador á entrada do box). Non é necesario poñer bata nin calzas, salvo que se lle indique o contrario. No caso de precisar medidas de illamento, véxase cartel á entrada do box, explicaráselles detalladamente.
- Durante a visita, poden entrar un **máximo de 3 persoas** por paciente de forma simultánea. No caso de querer acceder máis persoas, deberán intercambiarse fóra.
- Se desexan visitas de menores de 15 anos, avísennos con antelación para organizalo.
- Durante a visita permítese o contacto físico co paciente, vixiando sempre catéteres, soros, cables...
- O persoal está atento ás alarmas que soen. Despreocúpese, actuaremos só ante as que precisan intervención.
- Durante a visita deben permanecer dentro do box, e manter actitude de **discreción cara aos boxes adxacentes**.
- Poderemos solicitarlle que **abandone o box** para atender ao seu familiar ou nalgún box cercano. Saia ata a sala de familiares, despois iremos a buscalo alí.
- Non proporcione ningún tipo de inxesta (auga ou comida) sen consultar antes co persoal.
- Esíxese unha actitude de respecto cara ao paciente e cara ao persoal. **Non se tolerarán actitudes agresivas ou intimidatorias**. De igual forma se vostede ten algunha **queixa ou suxestión**, dirixase en primeiro lugar á supervisión ou xefatura do Servizo, ou ao Servizo de Atención ao Paciente.

- Autorízase o uso de **dispositivos móbiles** en modo silencio.
- A toma de fotografías, así como a gravación de imaxes ou sons dentro do Servizo non están permitidos. Supoñen a vulneración da Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, resultando susceptibles de sanción. Axúdenos a cumprir coa Lei de Protección de Datos.

Flexibilización Horarios



Ademáis das horas normais de visita, os pacientes poderán estar acompañados entre as **12:00** e as **23:00**.

Este horario de visita ampliado non supón ningunha obriga para as familias, se non máis ben ao contrario. Proponse como unha opción para permitir flexibilizar e facilitar á familia a conciliación da visita ao paciente coas obrigas de la vida corrente.

Deben concorrer as seguintes **circunstancias**:

- Un acompañante por cada paciente. Polo xeral, a persoa designada por escrito na historia clínica como coidador/a principal. É posible o intercambio con outra persoa, pero rogamos que o comuniquen previamente ao persoal, e que se reduzan ao mínimo estes cambios.
- Comunicaráselles as normas xerais de forma detallada, e rógaselles o seu cumprimento estrito, sobre todo no referido ás normas de hixiene / lavado de mans.
- En ocasións solicitarase que abandone temporalmente o box, para atender ao seu familiar; ou nalgún dos boxes próximos. Permanecerá na sala de estar de familiares.
- Solicítase encarecidamente que colabore no respecto á intimidade dos pacientes dos boxes adxacentes.
- Na liña de tolerancia cero do hospital ás actitudes agresivas ou intimidatorias, esíxese unha actitude de respecto cara ao paciente e cara ao persoal.
- A inobservancia destas indicacións podería acarrear a perda do dereito ao horario de visita ampliado, previa xustificación a través da xefatura de servizo ou da xefatura da garda, segundo as circunstancias.